

Elixio Rivas Quintas

O escultor Nicanor Carballo

Nembargante o seu apelido, a N. Carballo vaille a pedra-grá coma materia prima moldeable, cáixeque dende nacer en Tioira. Tamén é Tioira o nome do río, e primeiro co lugar xa que temos alí o diminutivo no subafluente "regueiro de Teiroá". Tioira foi deica onte un dos pobos mais tradicionais da provincia de Ourense; donos da máis lene arxila en Valbón, foron por séculos oleiros da mais fina parede. Nin pucheiras, nin olas, nin canabarrois ou carantoñas, se moldean dende hai anos en Tioira; adur se fica pedra con pedra dos fornos artesanais. A vella xaramea colléu outros camiños.

Tioira, no concello de Maceda, Ourense, está sobre o que foi Via III ou *Via Nova* de Braga a Astorga; deixaba a freiguesía en Cima de Vila. Testemuñas: tres pedras miliarias. Deixaron os vellos sistemas e a roda barreira; coa *parcelaria* entraron novos sistemas agropecuarios e novas vivendas.

Aquí naceu en 1932 Nicanor Carballo, de pai mestre en mais de un oficio; amén do común de labrego, foi oleiro e xastre. Aínda tivo tempo para tentar de afiadro e paragüeiro, mais non andivo moito tras da roda. Máis tanguéu o macho de cara Bande e Verín e Vilar de Bos...volvendo con xabón portugués do outro lado da Raia Seca. Mesmo chegou deica terras irmás de Sanabria, pero tropezou alí cos maragatos. O noso artista érao dende neno, tanto coma estroleque; e conta que xa á idade tan temperá de 3 ou 4 anos, no colo da señora María que o levaba á eirexa, botaba as súas contas de cómo facer unha imaxe coma a que presidía, segundo a vara de medir paterna: "do curuto da cabeza ós nares... tanto; dos nares ó quixo... tanto. Que non de outro xeito naceu o canon grego por discurso de xente mioluda. Era de 10 anos cando fixo a sús primeira escultura en pedra-grá de monte Pedroso, collida nunha parede; un Sgdo. Corazón que foi para unha súa tía, e hoxe daría un millón por ela, de saber onde foi bater. No ramo de oleiro tivo unha oportunidade formal ós 12; unha semana de roda e dedos na que fixo de todo: olas, testos, algún canabarro... e moitas chicolos, coas que enchéu de monecos un andel enteiro. O consabido era ir coa facenda ó monte e axudar na labranza; cando sobrava algún tempo, á escola. Aquí o descubriu o mestre; era o que mellor

debuxaba e dende o primeiro día llo puxo de modelo ós outros. Tiña daquela 14 anos e andaba no monte; aínda se lembra cómo botaba contas, guiado polo paraugas, para facer unha cúpula dez veces mor. Dos 14 ós 16 estivo cos Xesuitas en Carrión de Palencia; non foi a ramo o desexo paterno porque o rapaz non facía senón pintar superficies planas, e empuxérono. É entón cando se pon en contacto co señor Salvador de Carguizoi que tallaba ben en pedra.

Fixo a *mili* en Automobilismo de Pontevedra, arriba da Ponte da Barca. Uns meses de oficial de primeira na ponte de Oliana, Lérida e coa mesma colléu cara as Vascongadas, asentando en San Sebastián. Tiña 23 anos, inicio de adicación total á labra escultórica. Presentouse unha mañá nos talleres Altuna e Hijos, onde mais de 50 italianos labraban o mármore de Carrara e pedra norteña. mormente en sartegos. Pediu competidor coma aval, pódose á obra en senlleiro. Foi unha escultura en pedra de 1,10, representando a Cristo crucificado; levoulle 72 horas xustas de martelo e cincel. Quedou a escultura na exposición permanente, coma modelo. Era agora Altuna o que porfiaba que se quedase; Nicanor foi e puxo obradoiro propio, traballando alí para Altuna e para outros, de Madrid, de Barcelona... Cristos, Virxes, anxos, grupos escultóricos; tallas de copor enteiro, bustos, escudos... Él era o que preparaba os modelados en arxila ou escaiola, para sí, para Altuna, para outros escultores. O que non fixo máis cá primeira vez foi unha mascariña de difunto. Por este tempo, e a partir do 1955 en que viñera, traballa en mármore e sobre todo en pedra-grá, para España e Francia.

CON CHILLIDA

Vivía nuha *vila* de seu, que el fixera pola man; alí tiña obradoiro propio con moito traballo. O treito 1965-1978 foi decisivo na vida de artista de Nicanor Carballo. Eduardo Chillida, ex-porteiro do Real Sociedade por inutilidade definitiva, estaba en plena efervescencia creadora de inspiración abstracta, sen atopar co realizador carismático. Xa estivera en Altuna a con outros; deu con N. Carballo.

De familia acomodada, era un debuxante sobranceiro. Axiña colleu confianza con Carballo, tanto polo arte coma pola persoa. Sempre exixente e nidio, riscaba centos, milleiros de papeis á percura da estilización soñada, do boceto modélico. Pero Chillida non era home de cincel nin de sobrete; as súas mans eran de liña enxel, non de masa. Para a conversión en masa non atopou outro coma N. Carballo que plasmase con sensibilidade. Días e días enteiros pasaron xuntos desenrolando proxectos, ás veces suxeridos por Nicanor, reformando plans ó paso que ían aparecendo as formas. Tal a inclusión, nos vougos, de volumes dun mor calibre cá capacidade de entrada; caudas de miñato en interiores que semellan imposíbeis a ollo polo burato de ouserva... E conta que os volumes, dun mor calibre cá capacidade de entrada; caudas de miñato en

interiores que semellan imposíbeis a ollo polo burato de ouserva... E conta que os volumes, espacios interiores, cuadas de miñato inclusas, etc. están reaslizadas en pedra-grá tan dura e compacta como é o "rosa Porriño". O modelo de *O peine do vento*, do que hai un muimento na praia da Concha de San Sebastián, ferro, é de Nicanor Carballo, xa que Chillida perdérao ou esquecera o boceto. Aquel foi para este coa as mans da súa inspiración, dondas e abelenciosas, e mesmo cando crea algún misterio nos volumes, gusta de dar a solución pola mesma fiestra; no que influíu en Chillida.

CARA GALICIA

Imo falar aquí con algún detalle do muimento en lembranza de Kennedy; foron moitos os realizados para Chillida, interpretando e incluso alongando as súas concepcións abstractas. Citemos, por exemplo, un baixo relevo en pedra-grá "Rante", de 0,52 x 0,80, que foi tamén para Estados Unidos, levado polo arquitecto que gañou o premio "El Cursal" de San Sebastián.

En percura de materia prima para a realización do avandito miumento, para a cidade norteamericana de Houston, E. Chillida percorre con N. Carballo os montes de Galicia. Tanto Altuna de San Sebastián, coa os provedores en Barcelona e outros, fanlle saber a Chillida, autor do proxecto, que non conseguiría tal masa pétreo compacta. Por consello de Carballo vense ámbolos dous a Galicia; revisan os montes de Castro Caldelas, as Picotas de Allariz, os arredores de Ourense...Chegan á contorna de Porriño; alí estaba, pedra-grá rosada en enormes volumes compactos, durísimos, de seixo, mica e feldespatos. Non se dubidou un momento. Facía dous anos que Kennedy morrera. Conseguriran un penedo á par do Grupo Escolar de Budiño; ó que pertencía, e mans á obra *in situ* como non podía menos de ser; só o cacho xebrado era de 280 toneladas. N. Carballo realizou primeiro o modelo en escaiola e púxose ó traballo. Tiña un precedente, que se realizara en madeira, e fora doado por Chillida ó Museo de Cuenca; unha concepción abstracta co nome vasco de "Abesti Gogora" (Canto forte). Ó se desprende-lo tallo, coidaron nenos e mestres que houbera un terremoto.

Os rolos de ferro de 0,10 preparados para ruoealo, non resistiron o peso. Foron nove meses de alaboura arreo, con un ferreiro a afiar e temperar punteiros e cinceis; N. Carballo calcula que se fixeron coma uns mil metros en perforación para conseguí-los espazos vougos, deica se poder albergar dentro do bloque e rematar. A inxente figura-miumento, simbólico, está formada por tres pezas enormes zancas escuadradas, vougas, das que unha érguese vertical e as outras tres asentán a nivel. Daquella E. Chillida, accidentado, estaba hospitalizado. Nicanor Carballo, cabal realizador da obra, foi tamén que levou a ramo o cometido de guía-lo transporte e a instalación no seu lugar. Fíxose unga enorme *corza* con rodaxe especial e, de noite, a modo, foisa levando ó

porto de Vigo, embarcado no medio de fera treboada de vento e auga. No canto de Chillida, operado, asistiu a señora á instalación. Foron tres días de alaboura con sobre de maquinaria e moita falla de xeito. N. Carballo, tampouco manseliño nin de tanto aturar, díxolle de todo en lingua nativa ós eventuais operarios; só vían que berraba a bracexaba desaforadamente. Allí está, impresionante, ante o Museo de Arte Moderna de Houston, nos Estados Unidos, Estado de Texas. Compre engadir, de paso, que a pedra-grá rosa "Porriño" acibiu coesto unga boa promoción, e hoxe expórtase en cantidade a Italia, donde chega a Estados Unidos, co marchamo de "Carrara" incluso.

N. Carballo, mesmanente co gallo de muimento a Kennedy –e non certamente debida a E. Chillida–, véndose escasamente recompensado por traballo e contrata, levantou o obradoiro de San Sebastián e veuse de cara Galicia, asitiando en Souto Sanín, á saída de Ourense cara Ponferrada. Era o ano 1976. O ano 1980 ergue na Regueira do Condado, San Cibrau das Viñas, á beira da estrada Vigo-Madrid, saíndo de Ourense, a súa gran nave-obradoiro.

A OBRA DE NICANOR CARBALLO

Imos agora enumerar unha boa xeira de obras das que é autor único e responsábel N. Carballo. Non son todas nin moito menos, xa que é un traballador incansábel.

- 1 No ano 1942, Sagrado Corazón, primeira escultura, en pedra-grá, de o,40.
- 2 En 1956, Purísima en mármol de Carrara, de 1 m. de alto; está no cemiterio de Polloe, San Sebastián.
- 3 En 1958, fonte-templete da Virxe dos Milagres; preside a estatua de N^a Señora; pedra-grá de Vilariño Frío de grá fina.
- 4 Dúas estatuas da Virxe de Lourdes en mármore branco; están en Pau, nos Pirineos franceses. Hai outra en Burdeos.
- 5 En 1962, altar e ambón, igrexa de Meagas, Guetaria, Guipúzcoa.
- 6 Varios bustos de persoaxes; así o de Lizarraga, en Guipúzcoa, o de Albisúa en Logroño. etc.
- 7 En 1967, unha Sgrda. Familia de 0,42, en pedra-grá de Maceda, para o señor Cacheiro das Teixugueiras, Ourense.
- 8 Ano 1968, dúas esculturas en pedra-grá "Trasalba", en humilladoiros do calvario dos Milagres: Virxe Milagrosa e Virxe Medianeira de tódalas gracias.
- 9 En 1969 é unha talla en madeira de castaño, policromada, da Virxe dos Milagres, que está na eixera de Santa María Madre, Ourense.
- 10 En 1971, Virxe Milagrosa, 1,90 de alto, en pedra "Labrador-Sevilla". cali-za aspecto alabastro; na eirexa do mesmo nome, en Ourense.

- 11 Escultura da Virxe Madre, en pedra-grá "Barra de Miño", imaxe colgante na capela do Colexio dos Milagres; e floreiro-caracochoa.
- 12 Grupo no cemiterio de Foncuberta, en pedra-grá "Trasalba", de 1,55 m.; componse de: Piedade no medio, Cristo mutilado á esquerda e Cruz orixinal de tres paus, en 4 pero invertido. Ano 1977.
- 13 No 1978, cruceiro do señor Milia, en Maceda, de pedra-grá "Trasalba"; orixinal o capitel, formado por catro cabezas de anxo, e mormente un anxo *voado ó espacío* sobre a cabeza do Cristo.
- 14 Un cruceiro de pedra-grá "Trasalba" con Cristo de 0,60 m.; nunha casa de Tallallancos; fuste de tronco de árbore con ramas, e na cruz; por unha banda Cristo, pola outra a Virxe.
- 15 No ano 1979, cruceiro en propiedade particular de Manchica, pedra-grá "Trasalba".
- 16 Virxe de Fátima, no cemiterio de San Francisco, Ourense; N^a S^a de Lourdes, de 0,42, en pedra "París", en finca particular, S.C. das Viñas.
- 17 Grupo no cemiterio de Foncuberta a cruz, limpa e sinxela, flanqueada polos bustos de Cristo e a Virxe Dolorosa. Ano 1980.
- 18 San Antón, o de Lisboa, en casa particular, Souto Sanín, Ourense, 1982.
- 19 Cruceiro de Forcas, pedra-grá "Parga", Cristo amparado por S. Francisco, e a Virxe de pé, na cruz, etc. A composición repítese no da Sabucedo de Montes que logo describiremos. Este, feito despois do de Forcas e no que está inspirado, é tamén de pedra "Parga"; de 1987.
- 20 No ano 1983, cruceiro en Esgos, pedra-grá "Barra de Miño", con Cristo crucificado engruñado o voado, e Virxe oposta; escultura atrevida.
- 21 Do ano 1984, cruceiro en finca privada do Cumial, Ourense; en pedra-grá "Trasalba", sobre parafita-pedestal ón natural.
- 22 Virxe de Guadalpue de 0,75, pedra-grá "Trasalba", 1984; vai en México.
- 23 Tamén en 1984, estatua do Sgrdo. Corazón sobre repisa, pedra-grá "Trasalba", no patio dun pazo en Ribela, Coles.
- 24 No ano 1985, cruceiro dos Milagres acibindo ós peregrinos; feito en pedra-grá "Trasalba", érguese sobre penedo.
- 25 Estatua de S. Vicente de Paúl en pedra-grá "Barra Miño", 1985, para Cumaná, Venezuela. É un S. Vicente misionero, sino da cruz na dereita, de sotana e roquete, presidindo a rúa-terreiro do seu nome.
- 26 Ano 1985, escultura de Santa Elena emperatriz, de 0,52 de alto, en pedra-grá "Parga", amparando a cruz.
- 27 Virxe dos Milagres, 0,50 de alto, pedra-grá "Barra Miño", para Lalín, Pontevedra, no ano 1986; un cruceiro para Venezuela.
- 28 No ano 1987, cruceiro para Panxón, Pontevedra; tres cruceiros para Madrid.
- 29 A Virxe do Monte: N^a S^a da Asunción que preside a fonte, á beira de ermida. A Loña do Monte, Nogueira de Ramuín.
- 30 Templete-relicario para unha Institución relixiosa, en Lérida.

el se asenta un capitel de corte clásico no que se espeta a cruz de rexos cabgos de carballo, imitado ó natural tamén, coma árbore petrificada, aproveitado un saínte para o INRI. O que mais sobrancea, dende logo, é o Cristo crucificado, de extraordinaria flexión nos xeollos, na arca do peito adiantada e nos tirantes brazos que se lanzan á cruz en vao de 0,80 m. A proxección está crara, de enorme movemento. Tan sobranciera flexión veulle suxerida ó artista polo bloque de pedra que non daba para cumpli-lo canon doutro xeito; houbo que retirar do grosos o quenon daba en talla, resultando así un Cristo moi lanzado ó espacio. Tamén é de notar a Virxe por detrás da cruz: unha Inmaculada nada sofisticada, de humilde mirada recolleita e doce expresión, con movemento lateral. Trepa sobre un corno da lúa que asoma único de lado, por entre as nubes-caravel que lle fan de peaña á Virxe.

2. *O cruceiro da Manchica* é do tipo semellante; está á esquerda da estrada a Celanova. É semellante no que ó Cristo atanxe, non no demais, pois aquí hai fuste de columna redonda con S. Roque e S. Antón de Lisboa abaixo; a media altura, en alto relevo, Adán e Eva. Na cruz, opostoa ó Cristo de pernas moi engruñadas, a a Virxe de Lourdes padroeira desta freiguesía.

3. *O cruceiro de Sabucedo de Montes*. Também en mansión particular, é de moi rica simboloxía. Xa diremos que segue a pauta marcada polo de Forcas. Sobre pedestal de degraos, rube elegante fuste renacentista estriado; na súa basa, polas catro caras, os atributos da Pasión; coroado por volumoso capitel renacentista de *gurutas* coas que alternan, en tres caras, cabezas de anxo. O tambor do capitel échese, serpeando pola parte media, cun cobrón que fai axustada nozada ó lado, comezando a súa cabeza de ferrete bífico xusto debaixo dos pés da Virxe, coma peaña; é unha Piedade. A cruz é de troncos rameados, cun Cristo morto algo maxestático, a quen tenta S. Francisco de Asís de baixar da cruz, agarimándoo. É unha caaveira a que lle dá pé, oposta á testa do cobrón debaixo da Virxe, pola outra banda. O INIRI oponse tamén unha cabeza de anxo. E moi interesante a lenda, lembranza de tempos idos, cando os escultores populares eran "santeiros".

SANTEIRO N. CARBALLO + EN TIOIRA
ENCARGO DE F. ATRIO EN 1987. COPIA DE 1766. FORCAS

4. *Santa Elena. santa Cruz da Rabeda*. Vémola na fachada da ierexa parroquial, nun conxunto ben coidado. A santa ampara coa dereita a cruz de Cristo recién descuberta. exenta do bloque orixinario, anque parte do mesmo. Faciana de expresión digna. mais dialogante a doce. O porta imperial aparece na testa coroadada sobre toca. con sobrepelliz de gran milfeira deica os xeollos.

5. *Cruceiro dos Milagres*. Clásico en fuste estriado elegantísimo, capitel e figura de Cristo. Todo de concepción sinxela, con una Cristo cheo de vida, "o máis belo dos fillos dos homes". Érguese sobre penedo ó natural que é mágoa perdese altura afogado nunha peaña non moi propia.

A fonte-templete da Virxe dos Milagres é un conxunto suxestivo; está Virxe entronizada baixo cupulino con columnas con anxos e cartelas. A auga mana por boca de lobo e na cunca onde cae está a beber o carneiro, símbolo de escatoloxía mesiánica.

É de sobrancear a Virxe Madre da capella do Colexio, co Neno no colo ollando, doce, de fronte ó que se achega. No canto de peaña, trepa sobre dúas cangas de *carballo*. Tamén en pedra-grá, hai no chan un búcaro-floreiro escava ó xeito de carachoa de *carballo*.

6. *A Virxe do Monte*; é un alto relevo, moi recente, na fonte da ermida que está nunha lomba ó pordosol de Cabeza de Meda. É unha N^a S^a da Asunción, de apacíbel expresión na faciana, cos brazos abertos, tanto de benvinda coma de subida ó ceo; movemento do pé dereito sobre volutas de nubes. Os seus ollos fican mirando á terra. Ten N. Carballo unha Virxe do Carme feita no 1988 para Barcelona coa mesma serenidade e acollida nunha Piedade do cemiterio de Foncuberta.

7. *San Vicente de Paúl*. Esta escultura, aínda que representando á Milagrosa, "non segue pauta" senón que é interpretación propia; o que perde de adoada e atilamento, gánao en persoalidade. Sobre o globo terráqueo, deixando caer sobre él raios de gracia das súas mans, amosa un porte nada sofisticado; faciana de donda placidez e dozura. Sinxeleza nos vestidos, coma de muller que andase entre nós acotío.





Os Miragres: A "Milagrosa".



Os Miragres: Templete da Virxe.




Sabucedo de Montes: Cruceiro.



Os Miragres: Colexio "Virxe madre"




Foncuberta: Virxe da Piedade.



O Cumial: Cruceiro.



Loña do Monte: Virxe do Monte.



Os Mirages: Cruceiro.